

# **Bases legais do sorteo de Cultura da Deputación da Coruña. Premios Torrente Ballester, exemplar de “Sábeme a salamántiga o ceo da boca” de César Cequeliños**

**BASES E CONDICIÓN:** A participación no **sorteo de dous exemplares do libro “Sábeme a salamántiga o ceo da boca” de César Cequeliños, organizado pola Área de Cultura da Deputación da Coruña**, implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases e condicións. Calquera incumprimento das mesmas ou dos procedementos ou sistemas aquí establecidos para a realización do presente concurso poderá supor a exclusión inmediata da persoa participante e/ou a revogación dos premios.

1.- **DO ORGANIZADOR:** A organizadora do presente sorteo é a **Área de Cultura da Deputación provincial da Coruña**, con domicilio **Av. Porto da Coruña, 2, 15003 (A Coruña)**.

2.- **DO PRAZO DO SORTEO:** O prazo do presente sorteo comezará o día **29 de novembro do 2024** e rexerá, salvo modificación das presentes bases e condicións, ata o día **5 de decembro do 2024**. Os resultados serán publicados o mesmo día 5 no post do sorteo.

3.- **DOS REQUISITOS PARA PARTICIPAR – DO PARTICIPANTE:** Poderán participar todas aquelas persoas que sigan o perfil de **@culturadadeputaciondacoruna** en Instagram e que:

- Respondan cun comentario á publicación do sorteo.
- Compartan a publicación nas súas stories mencionando a conta organizadora.
- Dean "me gusta" ao post do sorteo no perfil de Instagram da Deputación.

Quedarán excluídas do presente sorteo todas aquelas persoas cuxos comentarios conteñan contido que se considere inadecuado, ofensivo, inxurioso ou discriminatorio, ou que puidera vulnerar dereitos de terceiros. Tamén serán excluídas as contas dedicadas exclusivamente a participar en sorteos, segundo o criterio da organización.

3.1.-Sobre as persoas ás que se dirixe este sorteo: O sorteo está dirixido a persoas usuarias con idade mínima de 18 anos que cumpran coa mecánica establecida.

Consideraranse participantes exclusivamente as persoas físicas, quedando excluídas:

- As persoas empregadas da Deputación Provincial da Coruña.

- Axencias implicadas no sorteo.
- Provedores/as, colaboradoras/es directas/os ou indirectas/os relacionadas/os coa organización do sorteo.
- Familiares directos de todas as persoas mencionadas anteriormente.

4.- DO LUGAR E DATA DO SORTEO: O sorteo realizarase o **5 de decembro do 2024** mediante plataforma de selección aleatoria online. Seleccionaranse dúas persoas gañadoras e dous suplentes. O procedemento de notificación e adxudicación do premio será o seguinte:

a) Contactarase coas persoas gañadoras de forma privada

b) Verificarase de forma interna que todo é correcto e procederase a facer un comunicado público coas persoas gañadoras no post do sorteo realizado en Instagram.

c) Se algunha persoa gañadora non cumpre as bases ou non responde, pasarase ao suplente correspondente. En caso de non poder adxudicar o premio a ningunha persoa, este declararase deserto.

d) Para recoller o seu premio, as persoas gañadoras deben enviar a **Deputación provincial da Coruña** os seguintes datos: nome, número de DNI, número de teléfono e dirección postal.

5.- O PREMIO: Haberá dous premios que consistirán en: **un exemplar do libro “Sábeme a salamántiga o ceo da boca” de César Cequeliños** para cada persoa gañadora.

6.- DAS AUTORIZACIÓNS: As persoas gañadoras e suplentes autorizan expresamente á Deputación da Coruña a utilizar os seus nomes de usuario e fotografías de perfil con fins de comunicación relacionados co sorteo.

7.- MODIFICACIÓNS: A presente promoción poderá ser suspendida, cancelada e/ou modificada total ou parcialmente, en calquera momento, ao solo arbitrio da **Deputación provincial da Coruña** e sen dereito a reclamo algún por parte das persoas participantes. A **Deputación provincial da Coruña** é o órgano inapelable que interpretará todas e cada unha das cuestións que se susciten con relación ás presentes bases e condicións.

8.- DAS PROHIBICIÓNS – RESPONSABILIDADE: Deixase expresamente establecido que, en ningún caso as persoas participantes que resulten gañadoras desta promoción poderán recoller ou solicitar o cambio do premio obtido por diñeiro en efectivo. Así mesmo, a **Deputación provincial da Coruña** deslinda calquera tipo de responsabilidade polos accidentes que puideran ocorrer durante o traslado dos premios, toda vez que a súa actuación como ORGANIZADOR finaliza coa entrega do premio sorteado ás persoas PARTICIPANTES que resulten gañadoras do mesmo.

9.- DAS LEIS APLICABLES: O solo feito de participar no presente sorteo, implica o coñecemento e aceptación sen condición nin reserva algunha, por parte da persoa PARTICIPANTE, de todas e cada unha das cláusulas integrantes nas presentes BASES e CONDICIÓNNS, sen dereito a reclamo de ningunha natureza.

10.- TERCEIRAS EMPRESAS: A presente promoción é accesible desde Instagram, e as presentes bases estarán aloxadas na web da entidade organizadora **dacoruna.gal**

En ningún caso Instagram ou Google patrocinan, avalan ou administran a presente promoción, nin teñen ningunha relación coa mesma, desenvolvéndose íntegra e directamente pola **Deputación provincial da Coruña**.

A Coruña, 28 de novembro do 2024.